

DECRETO

EXCMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, ALCALDE EN FUNCIONS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO PAGO DA ÚLTIMA CERTIFICACIÓN (NÚMERO 8) DA OBRA “PROXECTO DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE E AMPLIACIÓN EN EDIFICIO INDEPENDENTE PARA EQUIPAMENTO COMUNITARIO CULTURAL” (OBRA DO COLIVING ARTÍSTICO) EXECUTADA A TRAVÉS DA ESTRATEXIA DUSI-MURAMIÑAE.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 37-2024, por un importe total de 6.569,07 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do pago da última certificación (número 8) da obra “Proxecto de execución de rehabilitación de edificio existente e ampliación en edificio independente para equipamento comunitario cultural” (obra do Coliving artístico) executada a través da Estratexia DUSI-MURAMIÑAE:

APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDE CRÉDITO: 24100.21200

APLICACIÓN ORZAMENTARIA QUE RECIBE CRÉDITO: 24100.60900 C.P.16DUSINS”

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1180/2024, do 12.08.2024 así como o RCMOD Ref.: 54029/2024, por importe de 6.569,07 €, do 09.08.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, e son indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

Neste caso, na providencia que inicia o expediente dise que se debe considerar que corresponde a aplicacións da mesma política de gasto polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais, polo que se estima admisible neste caso concreto .

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40

Firmado por: ***419*** - RUBEN ARROXO FERNÁNDEZ (FECHA: 2024-08-13 09:08:43.00)

CVD: COH2LY8/RLvdFqd4UVnl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 7496/2024

a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 6.569,07 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €	C.P.
24100.21200	6.569,07 €	24100.60900	6.569,07 €	16DUSINS
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	6.569,07	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	6.569,07 €	

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.